

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de xuño de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA CUBRIR DE XEITO TEMPORAL POSTOS DE TRABALLO DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que no Boletín Oficial del Estado núm. 138, do día 7 de xuño do corrente, publícase a convocatoria para a provisión como persoal laboral de fixo dos postos de traballo incluídos na Oferta Pública de Emprego aprobada no seu día, de

conformidade coas bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 26 de decembro de 2022.

Estando a esta data o proceso selectivo en marcha faise necesario para o interese público a provisión de determinados postos de traballo que se atopan vacantes pero que se corresponden con servizos públicos de carácter esencial para a comunidade, tales como a recollida do lixo ou a axuda no fogar a dependentes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Sr. alcalde e da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández respectivamente, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación temporal por substitución, para cubrir os seguintes postos de traballo durante o proceso de selección ata a súa cobertura definitiva, por un período máximo de tres meses, dos/as seguintes traballadores/as:

- ✓ EZEQUIEL FERNÁNDEZ BARDELÁS, con DNI núm. [REDACTED], no posto de traballo de condutor do camión de recollida do lixo, a tempo completo (37,5 horas/semana).
- ✓ MARÍA DEL CARMEN LOSADA BLANCO, con DNI núm. [REDACTED], no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, a tempo parcial (15 horas/semana).

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Paula Lavandeira Arán, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de accidente non laboral, con data 20 de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de

proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ANA ISABEL MOURIÑO LALÍN, con DNI núm [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Paula Lavandeira Arán.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital Dona Patricia Hermida Deza, con data 21/06/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento da actividade “*Campamento de verán Rodeiro de aventura*”, entre os días 1 de xullo e 30 de agosto do corrente, ambos inclusive, á ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA, EMOCIONARTE, SENTIR E CREAR, con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Antas de Ulla (Lugo), ao prezo de SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (7.500,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 493,08 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 24354.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/factura núm. TA7AG0000983 (FACe).

- MAPFRE VIDA S.A. 993,06 €
Por seguro anual dos/as usuarios/as do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 75202419900030001225.
- NOELIA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ 800,00 €
Por organización e desenvolvemento de obradoiro de prevención da violencia de xénero e educación en igualdade no uso das novas tecnoloxías na infancia e adolescencia, s/factura núm. 2024015 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 326,70 €
Por subministro de repostos para a máquina desbrozadora, s/factura núm. 166 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 1.007,18 €
Por traballos de reparación do alumbeado público en Carboentes danado a causa dun sinistro cun vehículo, s/factura núm. G-20240044.
- BAYGAR S.L. 4.526,96 €
Por adquisición de colectores para a recollida de lixo, s/factura núm. 1192/241101934 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE AGOLADA 1.800,00 €
Por actuación musical nas festas patronais de San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 5/2024.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.145,14 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041271781 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 3.872,00 €
Por traballos de reparación de beirarrúas no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 2024/9 (FACe).

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 2.879,80 €
Por traballos de acondicionamento de rúas e camiños nos lugares de Cantelle, As Antas e Melide, s/factura núm. 2024/10 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.778,70 €
Por traballos de reparación de fonte no lugar de Rubiás e de pavimentación en San Paio de Senra, s/factura núm. 2024/11 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 3.496,90 €
Por traballos de acondicionamento de rúas e camiños nos lugares de Leboro e Barbeitos (Río), s/factura núm. 2024/12 (FACe).
- MANCOMUNIDADE TERRAS DE DEZA 12.063,50 €
Por abono do 50 % da achega municipal ao orzamento da Mancomunidade no exercicio de 2024, s/cargo.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)